USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# nEDIUS

Sumario | nº27 — Maio 2023


EDIUS NOVAS

## A LOSU nos estudos de doutoramento ↗

EDIUS NOVAS

## Normas e excepcións sobre o idioma das teses ↗

OPINIÓN

## A importancia das emocións durante os estudos de doutoramento ↗

EDIUS NOVAS

## Como actuar en caso de conflito entre doutorandos/as e supervisores da súa tese ↗

EDIUS

## Doutoras e doutores extraordinari@s

*Premio Extraordinario de Doutoramento*

EDIUS NOVAS

## *Sprint* de innovación: como solucionar un reto empresarial en só catro días ↗

EDIUS NOVAS

## Candidaturas provisionais de representantes no Comité de Dirección da EDIUS ↗

ENTREVISTA



Alexandre Veiga Rodríguez - Catedrático de Lingua Española na USC. Facultade de Humanidades, Campus de Lugo

«A xuventude non le hoxe demasiados libros e si dedica moito tempo á comunicación na rede, onde boa parte dos escritos aparecen editados sen revisión» ↗

EDIUS NOVAS

## O X Encontro da Mocidade Investigadora celebrarase en Santiago de Compostela os días 12 e 13 de xuño ↗

EDIUS NOVAS

## Con máis de 1.100 seguidores en LinkedIn, a EDIUS é unha das escolas de doutoramento con máis *followers* de España ↗

EDIUS NOVAS

## Convocatoria Erasmus KA171 para doutorandos/as ↗

EDIUS NOVAS

# A LOSU nos estudos de doutoramento

O 12 de abril entrou en vigor a nova Lei Orgánica do Sistema Universitario (**LOSU**), na que hai algúns aspectos que afectan directamente aos estudos de doutoramento. O director da Escola Internacional de Doutoramento da USC, Pablo Taboada, destaca que a nova normativa non contén demasiados aspectos que vaian influír moito nos estudos de doutoramento.

Por unha banda, a LOSU recolle que as universidades incentivarán os doutoramentos en cotutela internacional e ínstase ás administracións públicas a eliminar os obstáculos á atracción de talento internacional, "axilizando e facilitando os procedementos de recoñecemento e homologación de títulos, de admisión nas universidades ou de carácter migratorio". Taboada califica de positiva esta aposta, aínda que lembra que para que o estudantado poida facer estadías en centros no estranxeiro son necesarios máis recursos económicos porque as convocatorias de financiamento tanto público como privadas "son reducidas".

Por outra banda, a LOSU fai referencia ao persoal investigador. "A lei recolle unha intención, un *desiderátum*, de incrementar o financiamento das entidades universitarias para investigación, algo que, por suposto, será positivo". Ademais, o texto indica a posibilidade de que as universidades creen centros no estranxeiro, pequenas delegacións que, segundo Pablo Taboada, podería permitirlle á EDIUS apostar pola internacionalización dos seus programas de doutoramento así como conseguir unha maior captación de doutorandos e doutorandas doutros países.

O director da EDIUS tamén destaca a importancia que a nova lei lle outorga ao concepto de ciencia e de ciencia ciudadana. Neste aspecto, a LOSU "indica a necesidade de que as publicacións científicas formen parte dun repositorio institucional de cada universidade, no que se recollan as teses e outros artigos científicos relacionados coa investigación. No caso da USC, xa está funcionando **Minerva**, aínda que habería que melloralo e completalo.

Ir ao sumario

### NOVIDADES NO PROCESO DE ACREDITACIÓN

A Secretaría General de Universidades (SGU) informou sobre o proceso de acreditación a Profesor Axudante Doutor (PAD) tras a entrada en vigor da LOSU, que rexirá os procedementos de todas as axencias de calidade que avalían profesorado, entre elas **ANECA**.

Esta lei elimina a necesidade de posuír unha acreditación para acceder á figura contractual PAD. Segundo a SGU, isto vai permitir a estabilización do profesorado universitario antes e outórgalle ás universidades a responsabilidade fundamental de elixir, "dentro da súa autonomía e respectando o que marca a LOSU en canto aos procedementos de selección do profesorado contratado", o seu profesorado doutor máis novo a semellanza do que ocorre na maioría dos sistemas universitarios avanzados co proceso coñecido como *tenure track*.

Así mesmo, ANECA informa de que o programa ACADEMIA segue "permanentemente aberto" e permite a presentación de solicitudes de maneira continuada nos dous corpos docentes universitarios, de Profesor/a Titular de Universidade e de Catedrático/a de Universidade.

**Máis información**

EDIUS NOVAS

# Normas e excepcións sobre o idioma das teses

Unha das primeiras cousas que hai que decidir na fase de redacción dunha tese é o idioma no que esta se vai redactar.

Como norma xeral, as teses que se presentan na Universidade de Santiago de Compostela (USC) deberán estar escritas en galego ou en castelán, mais esta norma ten algunhas excepcións que deberemos considerar.

Estas son:

1. A tese tamén poderá ser escrita e defendida noutras linguas habituais para a comunicación científica no teu campo de coñecemento, sempre que o doutorando ou doutoranda conte coa autorización da súa CAPD. **Nestes casos, haberá que incluír na propia tese un resumo en galego non inferior a 3.000 palabras**.
2. Se a tese inclúe, a maiores dos apartados esenciais, outros como **referencias, mencións, aportacións ou apéndices**, ben realizados polo doutorando/a e/ou por outros autores/as, estes poderán figurar no idioma no que foron publicados **aínda que sexa diferente do galego, castelán ou o idioma autorizado**.
3. **Nas teses por compendio de publicacións**, os artigos incluídos na tese poderán estar nun idioma diferente ao da propia tese.

En calquera caso, o idioma de redacción da tese apróbase co Plan de Investigación, e no caso de querer modificalo, requirirase a aprobación dun novo Plan de investigación pola CAPD.

Ademais, hai que ter en conta que o Plan de investigación (incluídos todos os apartados e os campos que o compoñen e que os doutorandos e doutorandas deben cumprimentar) e a tese deberán estar escritos na mesma lingua.

Por último, cando o investigador ou investigadora reclame un certificado oficial á EDIUS, debe incluír o título da tese no idioma no que está escrita, sen traducións.

Ir ao sumario

A continuación, incluímos unha táboa cos datos do idioma da tese dos últimos cursos académicos.

| Curso Data Defensa | Idioma Manuscrito | Total |
|---|---|---|
| 2013/2014 | Castelán | 157 |
| | Galego | 15 |
| | Inglés | 50 |
| | Italiano | 1 |
| | Portugués | 14 |
| Total 2013/2014 | | 237 |
| 2014/2015 | Alemán | 1 |
| | Castelán | 167 |
| | Galego | 20 |
| | Inglés | 57 |
| | Portugués | 19 |
| Total 2014/2015 | | 264 |
| 2015/2016 | Alemán | 1 |
| | Castelán | 333 |
| | Galego | 68 |
| | Inglés | 83 |
| | Portugués | 38 |
| Total 2015/2016 | | 523 |
| 2016/2017 | Castelán | 161 |
| | Galego | 20 |
| | Inglés | 79 |
| | Italiano | 1 |
| | Portugués | 14 |
| | | 1 |
| Total 2016/2017 | | 276 |
| 2017/2018 | Castelán | 122 |
| | Galego | 15 |
| | Inglés | 70 |
| | Portugués | 7 |
| Total 2017/2018 | | 214 |

Ir ao sumario

| Curso Data Defensa | Idioma Manuscrito | Total |
|---|---|---|
| 2018/2019 | Alemán | 1 |
| | Castelán | 151 |
| | Galego | 21 |
| | Inglés | 104 |
| | Portugués | 16 |
| Total 2018/2019 | | 293 |
| 2019/2020 | Castelán | 141 |
| | Francés | 1 |
| | Galego | 22 |
| | Inglés | 98 |
| | Italiano | 1 |
| | Portugués | 17 |
| | | 1 |
| Total 2019/2020 | | 281 |
| 2020/2021 | Castelán | 177 |
| | Galego | 30 |
| | Inglés | 95 |
| | Italiano | 1 |
| | Portugués | 20 |
| Total 2020/2021 | | 323 |
| 2021/2022 | Castelán | 196 |
| | Galego | 39 |
| | Inglés | 107 |
| | Portugués | 26 |
| Total 2021/2022 | | 368 |
| **Total xeral** | | **4163** |

Ir ao sumario



**Alicia Estévez Toranzo**

Catedrática de Microbioloxía. Coord. do Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria.

OPINIÓN

# A importancia das emocións durante os estudos de doutoramento

É coñecido que a emoción e a cognición son procesos inseparables que están interconectados xa que as emocións inflúen na capacidade de razoamento, a memoria, a toma de decisións e a actitude para aprender.

Para que os doutorandos e doutorandas poidan empregar adecuadamente tanto as emocións primarias como as secundarias teñen que aprender a recoñecelas de forma consciente, integrar o que senten dentro do seu pensamento e manexar as emocións de forma eficaz.

Hai unha serie de emocións que podemos considerar positivas durante os estudos de doutoramento e, por tanto, hai que estimulalas xa que van favorecer a aprendizaxe. Estas serían a seguridade, o entusiasmo, a alegría, a curiosidade, o asombro, o pracer e o orgullo moderado, entendido como a sensación de estar satisfeito cun mesmo, xa que de ser excesivo pódese caer no *hubris*. Pola contra, hai outras emocións que van ser negativas durante esta etapa como son o medo, a vergoña, a culpa, a ira ou os celos, as cales van dificultar a creación dun clima motivacional adecuado dentro do grupo de investigación onde se atope o/a doutorando/a.

E por que unha microbióloga está a falar de emocións? Pois é moi sinxelo. Numerosos estudos demostran que a microbiota intestinal inflúe nos problemas asociados tradicionalmente coa ciencia psiquiátrica ou psicolóxica a través da conexión coñecida como eixo intestino-cerebro. Dentro desta liña gustaríame mencionar que xa se patentou unha bacteria, *Christensenella minuta*, presente no intestino de individuos sans, como terapia para regular as emocións relacionadas co estado de ánimo, como a depresión, o estrés e a ansiedade, xa que é unha boa produtora de serotonina.

Aínda que queda moito por comprender sobre os procesos de comunicación entre o intestino e o sistema nervioso central, quen sabe se nun futuro aos nosos doutorandos e doutorandas haberá que darlles un “cóctel emocional de bacterias” ao inicio dos seus estudos co fin de desenvolver e/ou potenciar a súa intelixencia emocional.

*«Para que os doutorandos e doutorandas poidan empregar adecuadamente tanto as emocións primarias como as secundarias teñen que aprender a recoñecelas de forma consciente»*

Ir ao sumario

# Doutoras e doutores extraordinari@s

34 persoas recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento por traballos defendidos na USC ao longo do curso 2020-2021, tres máis que na anterior convocatoria. Conseguimos falar con varios deles para preguntarlles como se senten tras recibir este importante recoñecemento e, de paso, felicitalos polo excelente traballo realizado.

## 1. Que significa para ti este recoñecemento?

## 2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?



Ciencias da Saúde

**Antía Lestido Cardama**

Título tese: *Study of exposure to contaminants coming from materials in contact with foods*

Este premio supón unha mostra do meu compromiso e o esforzo dedicado ao longo desta etapa. Ao mesmo tempo, tamén implica un gran impulso para continuar avanzando na miña carreira como investigadora, contribuíndo ao coñecemento na miña área de investigación.

O doutoramento é unha etapa chave que se debe desfrutar. Para iso, é importante aprender a xestionar o tempo de maneira eficiente, a conciliar a investigación coa vida persoal, e que nos momentos difíciles e desafiantes se lembren dos motivos e obxectivos que os/as levaron a iniciar ese proxecto.

Ir ao sumario



Ciencias e Enxeñarías

**Alba Lombao Vázquez**

Título da tese: *Microbial Diversity as a Bioindicator of the Impact of Fires*

Persoalmente, como muller que foi nai durante o doutoramento, entre todo o que significa para min, gustaríame destacar que supón a demostración de que a maternidade, algo polo que aínda penalizamos é máis que compatible ca investigación, fronte a idea de que a vida familiar desvíanos dos nosos obxectivos.

Dous consellos que me deu a miña directora no seu día, que publiquen, que non o deixen para o final porque se por algunha razón tes que deixar a tese, as publicacións sempre estarán aí e, o máis importante, respectar o traballo dos compañeiros e dos que estiveron antes ca nos no noso campo.



Ciencias e Enxeñarías

**Jorge Alberto Suárez Garea**

Título da tese: *Deep Learning Based Classification Techniques for Hyperspectral Images in Real Time*

Para min este premio significa non só un recoñecemento cara á miña persoa polo traballo realizado, senón tamén cara aos meus directores de tese. Os tres xuntos fomos capaces de lidiar cunha pandemia e escribir unha tese, e saír vitoriosos en ámbolos dous casos.

O meu consello é que non se rendan, é moi fácil tomar a decisión de deixalo cando empezas a velo todo negro, pero hai luz ao final do túnel. É unha etapa máis da túa vida e unha vez remate vas poder mirar cara atrás e sentirte orgulloso/a do que conseguiches.

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**



Ciencias da Saúde

**Clara Domínguez Vivero**
Título tese: *Changes in innate immunity in chronic migraine. Role of toll-like receptors 2 and 4 as key players in migraine chronification and potential therapeutic targets*

O recoñecemento faime moita ilusión xa que este é un traballo longo, que require moito esforzo e que non está demasiado recoñecido noutros ámbitos. Dalgunha maneira faime sentir que todos os anos que pasei lendo, escribindo e traballando sobre o tema son valorados polas institucións académicas e incrementa ese sentimento de satisfacción e recompensa que chega despois de acabar unha longa tarefa. Alégrome moito tamén polo equipo investigador e polo meu titor que sempre dixeron que o tema era de grande interese e o plantexamento do proxecto moi completo. Dalgunha maneira é unha forma de corroboralo e animalos a seguir investigando.

Eu sobre todo daríalles ánimos, creo que o período no que un fai a tese pode facerse duro psicoloxicamente. Moitas veces é un traballo solitario e que parece que ninguén entende, ou nin sequera vén como un traballo de verdade. É fácil perderse no camiño e non ver o final. Se pasan períodos de moita desmotivación aconsellaría que aguanten, que paga a pena ver o traballo rematado e é unha satisfacción saber que acadaches o máximo nivel académico, ademais das moitas portas que abre no teu futuro.




Ciencias Sociais e Xurídicas

**Ana Vázquez Rodríguez**
Título tese: *Educación no formal y empleabilidad de la juventud. Algunas evidencias desde el análisis de dos programas*

O peche do camiño, individual á par que colectivo, no seo dun magnífico grupo de investigación, pero tamén a apertura a outros escenarios desafiantes. Este recoñecemento supón poñerlle faciana a un proceso rematado con satisfacción que permitiu (de)construírme como persoa e profesional no eido educativo.

O camiño está cheo de incertezas, pero está nas nosas mans ter confianza en nós e nos/as profesionais que nos rodean para non perdernos nel. Non esquecer que todas as dimensións da vida, debemos coidalas e salvagardalas con coidado. Do seu equilibrio depende a nosa estabilidade presente e futura.



Artes e Humanidades

**Samuel Nión-Álvarez**
*Título da tese: La Protohistoria en el territorio ártabro. Organización social y estructura territorial*

Para min, o PE de doutorado é un símbolo do traballo. Dende que comecei a tese, investiguei sen ningún tipo de apoio económico, e conseguir este premio supón un certo recoñecemento a todos os anos de traballo. Quizais foi un camiño máis complicado ca o de aqueles que tiñan contratos, pero serviume para aprender a xestionar o teu tempo e a poñer todas as enerxías naquilo que realmente me interesaba.

O único que lles diría é que reflexionen sobre o que están a investigar e que valoren se ver-

Ir ao sumario

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**

dadeiramente lles apaixona. Se é así, todo o meu ánimo e forza, porque desfrutarán do camiño. Se non, non acabar unha tese non é a fin do mundo, hai cousas máis importantes na vida.



Ciencias Sociais e Xurídicas

**Sabela Carme Mallo López**
Título tese: *Affective and Behavioral Symptoms in the age-related cognitive impairment continuum: assessment and predictive validity*

Poñer en valor o esforzo destes anos. Igualmente, penso que hai moitas teses brillantes e que o baremo que se establece para conceder os premios pode ser até certo punto discutible. Considero que o máis importante é que eu me sinto orgullosa da miña tese.

A tese é unha carreira de fondo e o obxectivo debería ser desfrutala. Para iso, creo que é preciso un traballo de introspección que nos permita coñecer as nosas debilidades e fortalezas, contar con redes de apoio e poñer os coidados no centro.

Ir ao sumario



Ciencias da Saúde

**Xosé Manuel Matanza Fente**
Título tese: *Transcriptomic study of Photobacterium damselae subsp. damselae: roles of temperature and of the two-component system RstAB as regulators of physiology and virulence*

O doutoramento é un traballo que require de moito esforzo e tamén de moita vocación. Durante o proceso é común sentirse frustrado ou perdido. Porén, ver que esa dedicación e paixón ofrecidas teñen un recoñecemento deste tipo fai que me sinta moi agradecido e tamén moi orgulloso do camiño andado.

Eu escoitei todo tipo de consellos e ao final cada un vive o proceso dunha forma. Diría que procuren disfrutar da aprendizaxe porque visto en perspectiva, non son os resultados o máis importante, senón tódalas habilidades que gañarán e que os acompañarán para o que sexa que vaian facer no futuro.



Ciencias da Saúde

**Saskia Camille Flament Simon**
Título tese: *Molecular Characterization of Extended-Spectrum beta-Lactamase-Producing Escherichia coli and Clones Causing Extraintestinal Infections in Humans. Animals as Reservoir of High-Risk E. coli Clones Pathogenic for Humans*

É moi gratificante a nivel persoal, como recoñecemento ao froito de varios anos de investigación e a un proceso de formación predoutoral esixente, que require de aprendizaxe constante. Ademais, constitúe un recoñecemento que se estende a todo o grupo de investigación co que traballaches, co que te formaches e sen o que non tería sido posible alcanzar este premio.

Que sexan creativos, que traballen en equipo, que non se rindan e, por suposto, que aposten pola carreira investigadora.

## 1. Que significa para ti este recoñecemento?

## 2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?



Artes e Humanidades

**Daniela Pettersson Traba**

Título tese: *A corpus-based study on nearsynonymy: The concept PLEASANT SMELLING in 19th- and 20th-century American English*

Para min significa a culminación perfecta despois de tantos anos traballando coa tese e esforzándome. En moitas ocasións durante o doutoramento temos dúbidas de se o estamos facendo ben e se vamos polo bo camiño. Este recoñecemento mostra que en efecto o traballo pagou a pena.

É importante comezar a publicar canto antes xa que as publicacións son os méritos que máis van contar no día de mañá e ademais os traballos moitas veces tardan en publicarse. Non deberían ter medo a enviar propostas relacionadas coa tese a revistas de impacto en posicións altas en bases de datos de recoñecido prestixio.



Ciencias da Saúde

**Andrea López López**

Título tese: *Discinesias inducidas por L-DOPA en modelos de enfermedad de Parkinson: implicación de la vía Rho quinasa y sus interacciones con el receptor de (pro) renina y el colesterol*

Este galardón supón o recoñecemento a un traballo realizado con moita ilusión, mimo e esforzo no grupo de Neurobioloxía Molecular e Celular da Enfermidade de Parkinson. Este premio é tan meu como de todo o grupo de investigación, especialmente dos meus directores José Luis Labandeira e Ana Muñoz.

É difícil dar un consello, e non sei se eu son quen de facelo. Pero penso que o máis importante nesta profesión é ter clara a motivación e traballar para non perder nunca os folgos, xa que, é unha carreira de fondo na que todos caemos e nos levantamos. Con esforzo e ganas sempre se chega a meta!



Artes e Humanidades

**Iria de Dios Flores**

Título tese: *Processing long-distance dependencies: an experimental investigation of grammatical illusions in English and Spanish*

Por unha banda, é un recoñecemento que me anima a seguir traballando. Por outra banda, nun entorno laboral tan competitivo como a academia, no que é moi difícil acadar estabilidade, o premio extraordinario de doutoramento é un deses méritos que poden marcar a diferencia.

Facer unha tese, ou facer investigación, non supón só un reto intelectual, senón que moitas veces é tamén un reto psicolóxico que require dunha boa xestión da presión e da frustración. Algo que intento non esquecer é que, en ciencia, e posiblemente na vida en xeral, aprendemos máis dos erros que dos acertos.

Ir ao sumario

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**



Ciencias Sociais e Xurídicas

**María Peñate Valentín**

Título tese: *La compra pública de innovación como instrumento de política de innovación de demanda. Análisis de la experiencia española desde la perspectiva regional y de sectores estratégicos*

Para min significa a posta en valor tanto da labor investigadora realizada, como do esforzo para elaborar a tese. Este proceso require constancia e supón un número notable de horas da nosa vida, e debo agradecer o apoio da miña directora. Síntome moi afortunada e agradecida por este recoñecemento.

Creo que é clave elixir un tema de investigación polo cal se sinta inquietude e motivación, pois pode facer máis levadío o camiño. Tamén, ser flexible e consciente de que pode haber obstáculos e situacións inesperadas, pero o importante é seguir adiante cun obxectivo claro.



Ciencias da Saúde

**Ana Olivera Fernández**

Título tese: *Nanocarriers for enhancing the performance of immunomodulatory molecules*

Para min este recoñecemento reflicte todas as alegrías, bos momentos e apredizaxe pero tamén o esforzo, as lágrimas e os altos e baixos vividos nesa montaña rusa que é o doutoramento.

Todo o esforzo posto na vosa tese ten os seus froitos sempre. Non vos desanimedes, porque todo pasa e de todo se aprende. Gozade de todas as oportunidades que teñades para coñecer outros laboratorios, ir a congresos e aprender de xente con inquietude investigadora. E sobretodo, disfrutade o máximo que poidades dos vosos compañeiros, porque son o mellor que vos ides levar deste tempo!



Artes e Humanidades

**Cristina Lastres López**

Título tese: *A functional-pragmatic approach to if/si-constructions in English, French and Spanish: A corpus-based study*

Recibir este premio supón unha enorme alegría e un recoñecemento aos catro anos de intenso traballo realizado durante a elaboración da miña tese de doutoramento. Por extensión, é tamén un recoñecemento á calidade da miña investigación e, polo tanto, supón un impulso para seguir traballando.

Considero que un aspecto fundamental é a elección do director de tese, quen debe ser capaz non só de guiar a tese do doutorando senón tamén de orientalo na construción da súa carreira académica. No meu caso, fun moi afortunada de contar con Teresa Fanego como directora de tese.

Ir ao sumario

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**



Ciencias e Enxeñarías

**María Vanesa Taboada López**

Título tese: *Detection, characterization and quantification of nanoparticles in marine products and derivatives*

Recibir este premio supón para min unha gran satisfacción persoal ao ver recoñecidos o gran esforzo e dedicación que supuxo o desenvolvemento da tese de doutoramento. Por suposto, trátase dun recoñecemento compartido, xa que a implicación do grupo foi determinante na consecución dos bos resultados.

Ademais de ser constantes e perseverar, é importante traballar no que os apaixone para non perder a curiosidade que os levou a comezar este camiño. Non descoidar a saúde mental é imprescindible. Mantendo este equilibro a tese suporá a adquisición de coñecementos e un gran desenvolvemento persoal.



Ciencias Sociais e Xurídicas

**Daniel González Uriel**

Título tese: *Relaciones entre el blanqueo de dinero y el delito fiscal*

Este premio supón unha gran satisfacción persoal, xa que pon en valor o traballo realizado e a concurrencia con outros grandes estudos conleva unha maior dificultade na súa obtención. Así mesmo, goza dun gran prestixio, polo que o seu logro implica unha motivación a continuar investigando.

En primeiro termo, aconsellaría que fosen perseverantes no traballo, xa que é un proceso longo. É preciso ser organizado e constante, definir obxectivos e metas, e fixar prazos realistas. Ademais, é fundamental unha relación directa e constante cos titores/as e directores/as, e unha actitude positiva.



Ciencias e Enxañerías

**Iago Pozo Míguez**

Título tese: *Development of novel arynes and application to the synthesis of polycyclic aromatic hydrocarbons*

Supón un gran recoñecemento polo traballo realizado estes anos que é compartido por moitos actores imprescindíbeis entre os que destacaría aos meus directores de tese, investigadores sénior do grupo, colaboradores, técnicos de apoio á investigación e excelentes compañeiros de laboratorio.

Recomendaría priorizar a formación persoal e a curiosidade científica. Penso que é importante considerar o que se pode aprender de cada proxecto e flexibilizar os obxectivos da tese se é necesario.

Ir ao sumario

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**



Ciencias da Saúde

**Mallah Narmeen**

Título tese: *Social and psychological determinants of the misuse of antibiotics and tranquilizers in the Galician and Lebanese populations*

Significa un recoñecemento a varios anos de arduo traballo e moita dedicación á tese. Ademais, empezar unha carreira investigadora nun país novo foi un reto persoal e profesional. É tamén un recoñecemento aos meus codirectores de tese e a todas as persoas que se involucraron nela.

Animo aos doutorandos actuais a que se esforcen en buscar a excelencia no seu traballo. Quizais en algunhas etapas da tese nos encontramos con trabas e dificultades, pero a clave está en aproveitar estes momentos difíciles para convertelos nun proceso de aprendizaxe e experiencia.



Ciencias e Enxeñarías

**Andrea Cortegoso Galmán**

Título tese: *Elevational gradients in oak defences and herbivory*

É unha honra que che recoñezan o teu esforzo e dedicación. Facer unha tese de doutoramento é unha experiencia moi gratificante pero tamén moi esixente, recibir este recoñecemento ilusióname moito e anímame a seguir traballando polos meus obxectivos. Agradézolle este resultado a todas as persoas que me acompañaron no proceso.

Eu aconsellaríalles que non perdan a paixón por facer o que lles gusta, porque aínda que a carreira académica é moi esixente, o camiño pode ser moi estimulante. Considero moi importante ter un ambiente saudable e colaborativo e promover o equilibrio coa vida persoal. Tamén é fundamental rodearse de persoas que nos apoien e que impulsen o noso desenvolvemento. Cómpre compromiso e esforzo para acadar os obxectivos, pero tamén é importante coidarse.



Ciencias da Saúde

**Celina Vila Sanjurjo**

Título tese: *Comunicación bacteriana: fundamentos y estrategias de interferencia*

Síntome moi afortunada e considero que calquera das persoas candidatas merecían o premio tanto coma min. Este recoñecemento axúdame a mirar de forma máis bondadosa os propios logros, despois da longuísima carreira de fondo con obstáculos que foi a tese.

Nos momentos en que asemella que nada vai cara adiante, non permitas que o síndrome do/a impostor/a te controle. Non avalíes de maneira severa os resultados que diverxen da idea inicial do proxecto, a tese pode converterse entón nunha loita contigo mesma.

Ir ao sumario

**1. Que significa para ti este recoñecemento?**

**2. Que consello lle darías aos actuais doutorandos e doutorandas?**



Artes e Humanidades

**Mónica Fernández Armesto**
Título tese: *Las jurisdicciones especiales en la Galicia de Antiguo Régimen. Funcionamiento, identificación, características y procedimientos en las jurisdicciones de matriz eclesiástica*

Para alén dunha fonda ledicia, recibir este recoñecemento significa confianza, a que ten que ver con estar a facer as cousas ben. Entre todos os atrancos do vieiro investigador, poderse agarrar a algunha certeza de cando en cando dá azos para continuar.

Vocación e pragmatismo, o cal semella contraditorio, mais non o é. Unha tese consome moitas horas, de xeito que non paga a pena facela se non hai amor pola investigación e, polo amor, vontade de continuación. Haberá momentos de dúbida, mais con valía intelectual, traballo e constancia, ao final, todo sae.



Ciencias e Enxañerías

**Stéfano Arellano Pérez**
Título tese: *Caracterización del combustible del dosel arbóreo mediante sensores remotos y evaluación del efecto de las claras sobre el comportamiento y severidad potenciales del fuego en pinares del NO de España*

Sinto satisfacción e alegría por lograr este premio, xa que dalgunha forma recoñécese o gran esforzo realizado e o traballo feito durante esta etapa. Estou orgulloso, non só por min, senón tamén polos meus directores de tese e colaboradores que o fixeron posible.

Pois lles diría que non decaian no seu empeño e que sexan persistentes, porque, aínda que haxa dificultades polo camiño, superaranas e conseguirán rematar os estudos de doutoramento. Este logro académico axudaralles a ampliar o abano de posibles saídas laborais.



Ciencias da Saúde

**Silvia Fernández Martín**
Título tese: *Estudio de los efectos a largo plazo del tratamiento con bifosfonatos y fármacos de acción lenta sobre el cartílago y el hueso subcondral en un modelo de osteoartritis en conejo*

Supón unha gran satisfacción persoal, é a recompensa tras moitos anos de dedicación e esforzo. Non só a nivel da tese de doutoramento, senón de toda a nosa preparación e formación predoutoral.

Que gocen do proceso, que non se comparen con ninguén e que confíen neles mesmos. A investigación é apaixonante e moi motivadora, pero ás veces pode resultar frustrante. Neses momentos de desesperación, o meu consello sería que se rodeen de xente positiva, que pidan axuda cando se sintan desbordados e que non se esquezan de "vivir".

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Como actuar en caso de conflito entre doutorandos/as e supervisores da súa tese

Aínda que a gran maioría das veces a relación entre o alumnado de doutoramento e as persoas que coordinan a súa tese é sempre correcta e frutífera, sempre pode haber algún caso no que xurdan conflitos que é convinte solucionar coa maior rapidez e dilixencia.

Estes desacordos poden ser de carácter académico ou persoal. A orixe dos conflitos de índole académica son variados. Moitas veces prodúcese, por exemplo, cando un Plan de investigación non é informado favorablemente polo/a director/a ou pola Comisión Académica e o/a doutorando/a non está de acordo coa decisión.

Aínda que tanto a Escola de Doutoramento como a USC recollen en diferentes documentos e normativas cales deben ser as pautas de comportamento e os pasos a seguir ante situacións conflitivas, o certo é que existe certo descoñecemento sobre as canles que existen para resolver estas desavinzas.

Desde a EDIUS son conscientes de que cando existe un conflito, o alumnado sempre ten medo a que o enfrontamento co/a director/a ou titor/a da tese lle poida prexudicar. O diagrama de fluxo para resolver estes problemas especifica que o primeiro paso que debe dar o doutorando ou doutoranda debe ser comunicar a situación á coordinación do programa para que medie e dite unha resolución. Pero este paso moitas veces levanta certo reparo porque a persoa que coordina o traballo normalmente é membro desta comisión.

Por iso, a Escola de Doutoramento explica que existen outras maneiras de facelo fóra do circuíto oficial para que os investigadores e investigadoras "non se sentan desamparados en ningún momento". Para comezar, o estudante afectado pode poñer en antecedentes de "forma extraoficial" á EDIUS. Para iso, ten dúas opcións, enviar un correo electrónico ou solicitar unha entrevista persoal. Se se trata dun problema administrativo ou académico, a comunicación podería ser coa Xefatura de Xestión da EDIUS. Para conflitos de máis calado, pode solicitar unha reunión con algún membro da dirección da Escola.

Retomando o fluxo oficial, unha vez que se coñece o conflito, o Programa de Doutoramento debe intentar chegar a un acordo. No caso contrario, actúa de oficio a EDIUS. Se a solución ou ditame froito da mediación da EDIUS non é aceptada polas dúas partes afectadas, unha delas pode interpoñer unha reclamación na Oficina de Reclamacións da USC ou ante o Valedor do Estudante.

A EDIUS insiste en que o alumnado "non debe ter medo a acudir ás canles oficiais" e lembra que a Escola "sempre vai estar á súa dispoñibilidade para atender os seus problemas e actuar de maneira oficial ou oficiosa para mediar". Tantos os dereitos, como os deberes e obrigas de doutorandos/as e coordinadores/as están recollidos, por exemplo, no Código de Boas Prácticas da EDIUS, no Compromiso Documental de Supervisión.

O fluxo de como se debe seguir o proceso en caso de conflito aparece recollido no **Manual do Sistema de Garantía de Calidade da EDIUS.**

↵ Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Candidaturas provisionais de representantes no Comité de Dirección da EDIUS

O 16 de maio escolleranse os membros do persoal docente e investigador, estudantado e persoal de administración para o Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) dos seguintes sectores:

- Persoal docente e investigador vencellado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS
- Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS
- Persoal de administración de servizos que desenvolve a súa actividade na EDIUS

A **votación** efectuarase, en horario ininterrompido, desde as 9:00 até as 19:00 horas. O sistema electoral consistirá na emisión de **votos electrónicos** dende un dispositivo conectado a internet até unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Comisión Electoral Central da USC. Na pantalla de votación constarán relacionadas as candidaturas proclamadas, así como a opción de voto en branco.

As persoas electoras terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou ben dende a páxina web electoral, na que se habilitará unha ligazón á aplicación de voto. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo **evoto@usc.es**. Os/as electores/as identificaranse coas claves de acceso á Secretaría Virtual.

Serán electores e electoras elixibles as persoas censadas nos correspondentes sectores, de conformidade coa normativa electoral.

A información relativa a este proceso electoral está a disposición na web da Secretaría Xeral: **Ligazón**

A proclamación provisional de candidatos e candidatas electas coñecerase o 22 de maio. Até o día 29, poderán presentarse recursos. Finalmente, o luns 29 de maio, coñeceranse os nomes das candidaturas electas.

Estas son as candidaturas provisionais dos tres sectores:

Ir ao sumario

| Nome completo | Agrupación electoral |
|---|---|
| **Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS** | |
| Alvite Pazo, Raul | Ningunha |
| Alvite Pazo, Samuel | Ningunha |
| Andujar Arias, Antonio | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Bermello Corominas, Xaquin | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Calvete Lorenzo, Sara | Ningunha |
| Calvo Tiapa, Arturo | Ningunha |
| Candal Pedreira, Cristina | Ningunha |
| Carcacia Campos, Isaac | Ningunha |
| Cidre Diaz, Angel | Ningunha |
| Ferron Lea, David | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Giner Rajala, Oscar Vicent | Ningunha |
| Gonzalez Quinzan, Yago | Ningunha |
| Gregores Pereira, Paula | Ningunha |
| Guisantes Alonso, Miguel | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Lopez Bermudez, Francisco | Ningunha |
| Lorenzo Rey, Alvaro | Ningunha |
| Martinez Cabrera, Elena | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Nóvoa Fernández, Julio | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Pacin Salvador, Maria Do Carme | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Paz Castro, Alba | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |

Ir ao sumario

| Nome completo | Agrupación electoral |
|---|---|
| **Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS** | |
| Pérez Martínez, Noelia | Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) |
| Pérez Rodríguez, Andrés | Ninguna |
| Ramos Perez, Brais | Ningunha |
| Rey Brandariz, Julia | Ningunha |
| **Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS** | |
| Álvarez López, Jesús Antonio | Ningunha |
| Fanego Lema, María Teresa | Ningunha |
| Fernandez Tojo, Fernando Adrian | Ningunha |
| Nogueira López, María Da Alba | Ninguna |
| Pazos Couselo, Marcos | Ningunha |
| Pino Minguez, Jesus | Ninguna |
| Prieto Estévez, Gerardo | Ningunha |
| Rodriguez Vazquez, Ana Isabel | Ningunha |
| Sanchez Carreira, Maria Del Carmen | Ningunha |
| Vázquez Lopez, Miguel | Ningunha |
| Villarino Pardo, Ma Del Carmen | Ningunha |
| **Persoal de administración e servizos que desenvolve a actividade na EDIUS** | |
| Lopez Gomez, Carolina | Ningunha |

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# O X Encontro da Mocidade Investigadora celebrarase en Santiago de Compostela os días 12 e 13 de xuño




A Universidade de Santiago de Compostela (USC) acollerá o X Encontro da Mocidade Investigadora (X EMI) os días **12 e 13 de xuño na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC**. Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento. O 5 de maio finaliza o período de incrición.

O X EMI está organizado por investigadores e investigadoras procedentes da USC, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, e estará aberto a todo os estudantes de doutoramento destas universidades. Polo tanto, o único requisito para participar neste encontro será estar matriculado ou matriculada en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidade do Sistema Universitario Galego (SUG). Os participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante dous días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que sen dúbida constituirá unha experiencia enriquecedora para todos os doutorandos e doutorandas que se animen a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura).

O X EMI ofrece unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións propias cos demais compañeiros e compañeiras predoutorais, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# *Sprint* de innovación: como solucionar un reto empresarial en só catro días

Os días 16, 23 e 30 de maio e o 6 de xuño celebrarase no Edificio CEA do Parque de Vista Alegre de Santiago un *Sprint* de innovación, enmarcado na programación deste curso da EDIUS Conecta.




Este *Sprint*, organizado pola EDIUS, pretende involucrar a coordinadores/as e estudantado de doutoramento na resolución dun reto empresarial real, proposto por empresas ou administracións da súa contorna, contribuíndo así a impulsar a innovación, fomentar a transferencia de coñecemento e reforzar os vínculos da USC coa comunidade local. As empresas que colaborarán neste primeiro Sprint de innovación son o **Grupo Malasa**, do sector do retail, hoteleiro, restauración e vivendas privadas; e **Tecalis**, de innovación tecnolóxica.

O programa consta de catro xornadas de traballo intensivas durante as cales, partindo dos retos propostos polas dúas empresas, estudantado e coordinadores/as traballarán de maneira conxunta para crear solucións innovadoras, seguindo un proceso de innovación estruturado dende a oportunidade até a solución.

Noelia Rodríguez e Beatriz García Cibreiro forman parte do equipo que coordina esta actividade. Noelia Rodríguez, quen conta cunha ampla

traxectoria internacional de máis de 19 anos, centra a súa actividade profesional na formación e asesoramento a entidades empresariais e educativas nas áreas de innovación estratéxica, deseño de negocio (Business Design) e emprendemento. Pola súa banda, Beatriz García, xornalista, formadora e emprendedora, desenvolve o seu labor profesional como consultora especializada na comunicación corporativa.

Esta idea xurdiu mentres se estaban a definir as estratexias de innovación dentro da programación da Escola de Doutoramento. Noelia Rodríguez explica que lles pareceu "unha boa idea organizar un *sprint* colaborativo, unha acción que xa se está facendo en moitas empresas e que adoita dar moi bos resultados". Engade que o principal obxectivo para alumnado e directores/as ou titores/as é "aprender novas habilidades e coñecer o modelo de transferencia".

**DÍA 1: COMPRENDER**

Data: 16 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

Obxectivo: Presentación do reto por parte das empresas, análise do contexto e identificación de oportunidades. Cada unha das empresas participantes expoñerán o reto ou problema que propoñen e o contexto do mesmo. De seguido, os grupos de traballo analizarán o contexto para identificar oportunidades que axuden á súa resolución.

**DÍA 2: IDEAR**

Data: 23 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

Obxectivo: Proposta de ideas para aproveitar as oportunidades identificadas e deseño de solucións. Xerar ideas e seleccionar as que mellor se axeiten aos criterios propostos pola organización.

**DÍA 3: PROTOTIPAR**

Data: 30 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

Obxectivo: Desenvolver un prototipo da idea ou ideas seleccionadas na fase anterior. Cada grupo elaborará un prototipo da solución identificada, que servirá para validala coa organización e cos usuarios finais.

**DÍA 4: VALIDAR · *PITCH* FINAL**

Data: 6 de xuño de 12:00 a 13:30 horas

Obxectivo: Presentación das solucións ás empresas en formato *pitch*. Nesta última xornada, as empresas participantes escoitarán as solucións desenvolvidas polos grupos de traballo e aportarán o seu punto de vista nun espazo aberto de debate.

Ir ao sumario

Formación

# Actividades
Maio 2023

## Español correcto e preparación de textos de investigación ↗

5 e 12 de maio de 2023
Lugo, Facultade de Humanidades, seminario 214 / online
Horario: de 12:00 a 14:00 horas

## A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO MEDIO: A perspectiva de xénero nas ciencias naturais e nas tecnoloxías ↗

8, 9, 10 e 11 de maio de 2023
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre
Horario: de 17:00 a 19:30 horas

## A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO MEDIO: A perspectiva de xénero nas ciencias sociais e humanas ↗

8, 9, 10 e 11 de maio de 2023
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre
Horario: de 17:00 a 19:30 horas

## Sprint de innovación EDIUS Conecta ↗

16, 23 e 30 de maio, 6 de xuño de 2023
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre
Matrícula: aberta até o 10 de maio de 2023
Horario: 16, 23 e 30 de maio, de 13:00 a 15:00 horas;
6 de xuño: de 12:00 a 13:30 horas

Ir ao sumario

Formación

# Actividades
Maio 2023

## Competencias en información para a investigación. Nivel experto ↗

22 de maio ao 22 de xuño de 2023. Primeira sesión presencial: SANTIAGO: martes 30 de maio. LUGO: mércores 31 de maio. Segunda sesión presencial: SANTIAGO: martes 6 de xuño. LUGO: mércores 7 de xuño]

Campus Virtual USC e dúas sesións presenciais en SANTIAGO na Aula Luisa Cuesta na Biblioteca Concepción Arenal; en LUGO: Aula eTerra (Biblioteca Intercentros)

Horario: de 10:00 a 13:00h

## Creación de documentos con Látex ↗

22, 23, 25, 29, 30 e 31 de maio de 2023
Facultade de Filosofía - Santiago

Matrícula: do 8 ao 15 de maio de 2023

Horario: de 15:30 a 18:30 horas

## Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Santiago) ↗

25 de maio e 9 de xuño de 2023
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 15 ao 22 de maio de 2023

Horario: de 9:00 a 14:00 horas

Ir ao sumario

# Formación

## Actividades
Maio 2023

### A integridade e a ética na investigación ↗

25 e 26 de maio de 2023
Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre e conexión vía Teams

Matrícula: do 10 ao 18 de maio de 2023

Horario: día 25 de maio, de 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas; día 26 de maio, de 16:00 a 20:00 horas

### Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Lugo) ↗

26 de maio e 8 de xuño de 2023
Facultade de Administración e Dirección de Empresas-Campus de Lugo

Matrícula: do 15 ao 22 de maio de 2023

Horario: de 9:00 a 14:00 horas

Ir ao sumario



Alexandre
Veiga Rodríguez

ENTREVISTA

*Alexandre Veiga Rodríguez - Catedrático de Lingua Española na USC, Facultade de Humanidades, Campus de Lugo*

# «A xuventude non le hoxe demasiados libros e si dedica moito tempo á comunicación na rede, onde boa parte dos escritos aparecen editados sen revisión»

*Alexandre Veiga imparte nestes primeiros días de maio o curso titulado 'Español correcto e preparación de textos de investigación'. Este catedrático asegura que o "manexo coherente da lingua precisa dunha formación continua" e analiza os principais erros e novidades da lingua. Aínda que recoñece que o estudantado chega á Universidade cunha mellor formación en canto ao coñecemento de linguas estranxeiras ou ao manexo de recursos tecnolóxico, sinala que tamén se pode percibir que non len demasiados libros e dedican moito tempo á comunicación na rede, "onde calquera escribe e onde boa parte dos escritos aparecen editados sen ningunha clase de revisión, o que favorece a divulgación de todo tipo de erros, aparte doutros riscos como a, digamos, invasión incontrolada de anglicismos".*

**Por que se fai necesario un curso sobre español correcto para alumnado con tantos anos de formación académica? Non se emprega ben o idioma?**
A formación académica previa non garante a competencia desexable ante un conxunto tan complexo de casos concretos aos que o noso alumnado se vai ter que enfrontar, como toda a poboación hispanófona letrada, á hora de proceder ao emprego da lingua, da española neste caso, en particular na súa vertente escrita. Pensemos, por exemplo, que a web da RAE recibe anualmente millóns de consultas, o que proba que numerosos usuarios da lingua, universitarios incluídos, atopan continuas dúbidas que procuran resolver. Podo mencionar como un primeiro exemplo ben comprensible unha fonte moi concreta de dúbidas: creo que todos saímos da escola pensando que coñecemos ben o uso das maiúsculas e das minúsculas, pero o caso é que a última edición da ortografía académica, do ano 2010, dedica máis de setenta páxinas a esta cuestión, presentando unha serie detalladísima de casos particulares sobre os que calquera de nós, e inclúome a min mesmo para empezar, pode albergar as súas dúbidas antes ou despois. O manexo coherente da lingua precisa de feito unha formación continua, e este

Ir ao sumario

curso busca que o seu alumnado se familiarice non só con certos conceptos, senón sobre todo coas fontes e recursos aos que podemos acudir en calquera momento.

### Coñécese ben o traballo que realizan as academias da lingua?

En xeral, non, pero quero evitar caer en calquera tipo de "deformación profesional" que me leve a pensar que a poboación hispana debera estar especialmente ao tanto do traballo das academias. En España, en concreto, é ben coñecido o nome da RAE, que soe ser simplemente identificado co concepto de "corrección lingüística"; da existencia das restantes academias ou da asociación que inicialmente constituíron coa española en 1951 o cidadán español medio non soe ter noticia. O propio alumnado que escolle unha titulación de corte humanístico chega normalmente á Universidade sen coñecer a existencia e labor do conxunto de academias da lingua española.

### Cal é para vostede a principal función que realizan?

Dende a fundación da RAE en 1713 un labor académico especialmente destacable foi o de proporcionar un modelo de referencia para o uso culto da lingua, que nos seus inicios xirou inevitablemente en torno a unha norma castelá peninsular digamos centro-setentrional. Na actualidade pártese sempre da base de que cada país de lingua española pode ter unha norma culta propia e as academias traballan sempre coordinadas e consensuando os resultados de todas as súas publicacións. Entre estas publicacións, sen dúbida os dicionarios son as de maior utilidade para o conxunto da poboación hispana. O DLE, que tamén contén información de tipo gramatical, está dispoñible en rede e recibe a diario numerosas consultas. Por outro lado, e sobre todo pensando na investigación lingüística, é preciso salientar a dispoñibilidade grazas ás academias dunha serie de bases de datos como o CREA, o CORDE ou o CORPES XXI, en continua reelaboración e que reúnen millóns de exemplos de construcións verificadas ao longo da historia da lingua castelá, coa inclusión de fontes orais para a etapa contemporánea.

